



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-6

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

3 de Abril de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

11:32

Hora de Finalización

11:58

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 19.03.2024 (ACTA 2024/5)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. SOLICITUDE A DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DE SUBVENCION PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS NO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL. ACORDO QUE PROCEDA.

O Sr. Alcalde lembra que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data **16 de xaneiro de 2024**, acordou aprobar a **adhesión do Concello de Castrelo do Val** ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio **2024**.

A continuación, informa de que para completar os diferentes proxectos de investimento no concello no presente exercicio, resulta conveniente para os intereses municipais solicitar da Deputación Provincial de Ourense unha subvención con destino á execución de diferentes actuacións.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Solicitar á Deputación Provincial de Ourense a inclusión dentro da modificación de créditos do orzamento desa Deputación Provincial dos seguintes investimentos reais:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- 1)** Redacción de **proxecto** técnico, **dirección** de obra e **coordinación** de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en **Rúa da Fonte**, en Nocado do Val"
Orzamento total: 3.361,34 €
Achega Provincial: **3.361,34 €**
Achega municipal: 0,00 €

- 2)** Redacción de **proxecto** técnico, **dirección** de obra e **coordinación** de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en **Rúa Trascarreira**, en Castrelo do Val"
Orzamento total: 2.496,16 €
Achega Provincial: **2.496,16 €**
Achega municipal: 0,00 €

- 3)** Redacción de **proxecto** técnico, **dirección** de obra e **coordinación** de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en **Rúa de Abaixo**, en Castrelo do Val"
Orzamento total: 2.155,32 €
Achega Provincial: **2.155,32 €**
Achega municipal: 0,00 €

- 4)** Redacción de **proxecto** técnico, **dirección** de obra e **coordinación** de seguridade e saúde da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación do **entronque da Rúa Canceliña** coa OU-113 en Nocado do Val"
Orzamento total: 3.000,00 €
Achega Provincial: **3.000,00 €**
Achega municipal: 0,00 €

- 5)** "**Obra** de abastecemento, saneamento e pavimentación do **entronque da Rúa Canceliña** coa OU-113 en Nocado do Val"
Orzamento total: 38.987,18 €
Achega Provincial: **38.987,18 €**
Achega municipal: 0,00 €

SEGUNDO: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da pertinente solicitude.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

